



NOTA DE PRENSA

A PRESIDENTA DO PARLAMENTO ANUNCIA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE AFORRO DO USO DA AUGA QUE PERMITIRÁ A REDUCIÓN DUN 20 A UN 30 POR CENTO NO CONSUMO ANUAL NA INSTITUCIÓN

-Presidiu un Pleno Escolar Conmemorativo do Día Mundial da Auga no que rapaces de 7 e 8 anos leron a súa correspondencia con un colexio de Zambia sobre o problema do desabastecemento de auga

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 07. A presidenta do Parlamento de Galicia, Dolores Villarino Santiago, dixo hoxe en Santiago que a Cámara aplicará un Plan de Aforro no Uso da Auga para reducir entre un 20 e un 30 por cento do consumo anual. Así o dixo no Pleno Escolar Conmemorativo do Día Mundial da Auga no que rapaces de 2º e 3º de Primaria do Colexio San Xosé de Cluny de Santiago leron un Manifesto do Día Mundial da Auga, que se celebra hoxe, e a correspondencia mantida con un colexio de Lusaka -Zambia- sobre esta problemática.

Villarino anunciou a execución do Plan de Aforro e Uso da Auga do Parlamento de Galicia -dentro do Plan de Optimización Enerxética aprobado en xaneiro- co obxectivo de diminuír o consumo de auga. Tamén ten como obxectivo xeneralizar o uso de medidas e tecnoloxía aforradora de auga, sensibilizar do uso eficiente da auga e informar á poboación sobre sistemas e medidas para o aforro da auga.

Entre as medidas previstas destacan a aplicación de billas con temporizador nos lavabos, sistemas perlizadores nas billas, redutores volumétricos para as cisternas ou adquisición de electrodomésticos de máxima eficiencia no uso da auga.

A presidenta da Cámara autonómica lembrou aos nenos e nenas que “actualmente 2.600 millóns de persoas non teñen acceso a saneamento básico, e a falla destes servizos estase cobrando a vida de miles de persoas por enfermidades asociadas coa falta de auga potable, saneamento axeitado e hixiene”. O Parlamento sumouse así aos actos celebrados en todo o mundo con motivo do Día Mundial da Auga, denominado así pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1993.

Os rapaces do Colexio Cluny, pola súa banda, solicitaron aos adultos responsables da toma de decisións que traballen para asegurar o acceso á auga e o saneamento en calquera rincón do mundo onde os nenos o necesiten, a administración responsable da auga, que promovan o uso de enerxías renovables, a protección do medio ambiente e que faciliten a educación para todos os nenos e nenas.

No pleno de hoxe interviñeron os portavoces dos grupos parlamentarios do BNG -Carlos Aymerich-, dos Socialistas de Galicia -Luis Toxo- e do PPdeG -Jaime Castiñeira-, así como a profesora do Colexio Cluny Emma Canitrot, e os alumnos Ana e Paula Lariño, que leron a carta enviada ao Cobet Community School de Lusaka -Zambia-, Marcos del Prado e Clara Domingo, que presentaron o Manifesto da Auga elaborado polo seu Colexio, e Inés Seijo e Jesús Fontenla, que pecharon a sesión lendo a carta de resposta remitida pola escola de Zambia.

Un Saúdo,

Departamento de Prensa,
Parlamento de Galicia.



Xoves, 22 de marzo de 07

Pleno conmemorativo do Día Mundial da Auga (Parlamento de Galicia).

Secuencia do acto:

11.30 h.- COMEZO DA SESIÓN

- Intervención da presidenta do Parlamento, **Dolores Villarino Santiago** (2')
- Intervención da profesora do Colexio Cluny, D.^a **Emma Canitrot** (2')
- Intervención do portavoz do BNG, **Carlos Aymerich** (2')
- Lectura da carta que lle envía o alumnado do Colexio Cluny aos nenos e nenas do Cobet Community School de Lusaka (Zambia) por parte da **Ana e Paula Lariño** (alumno: 3')
- Intervención do portavoz do GP dos Socialistas de Galicia, **Luis Toxo Ramallo** (2')
- Lectura do **MANIFESTO DA AUGA** redactado na aula, por parte de **Marcos del Prado e Clara Domingo** (alumno: 3')
- Intervención do portavoz do GP Popular, **Jaime Castiñeira** (2')
- Lectura da carta de contestación remitida polos nenos de Lusaka, por parte dos alumnos do Colexio Cluny **Inés Seijo e Jesús Fontenla** (alumno: 3')

12.00 h. aprox.- Saída do hemiciclo



DISCURSO DA PRESIDENTA DO PARLAMENTO

PLENO ESCOLAR CONMEMORATIVO DO DÍA MUNDIAL DA AUGA

22 DE MARZO DE 2007

Salón de Sesións

11.30 horas

HOXE, 22 DE MARZO, O PARLAMENTO DE GALICIA QUERE SUMARSE AOS ACTOS QUE SE CELEBRAN EN TODO O MUNDO CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA AUGA.

DENDE O ANO 1993 VÉNSE CELEBRANDO O 22 DE MARZO COMO "DÍA DA AUGA", DACORDO COA ASEMBLEA XERAL DAS NACIÓNS UNIDAS, E QUE HOXE TEN POR LEMA "**AFRONTAR A ESCASEZA DA AUGA**"

O PARLAMENTO DE GALICIA SÚMASE A ESTA CHAMADA UNÁNIME SOBRE A NECESIDADE DUNHA COOPERACIÓN MAIOR ANTE A FALTA DE AUGA A NIVEL MUNDIAL.

SÓ ASÍ PODEREMOS GARANTIR UNHA XESTIÓN SOSTIBLE, EFICIENTE E EQUITATIVA DOS ESCASOS RECURSOS HÍDRICOS, TANTO A ESCALA INTERNACIONAL COMO LOCAL.

SOMOS CONSCIENTES DO IMPORTANTE DESEQUILIBRIO ENTRE A DISPONIBILIDADE E A DEMANDA DE AUGA E ESTAMOS COMPROMETIDOS COA CONCIENCIACIÓN DA SOCIEDADE CARA A ESTE PROBLEMA.

O PARLAMENTO QUERE CONTRIBUÍR E ASUMIR A SÚA RESPONSABILIDADE, ACOMETENDO UN PLAN DE AFORRO NO USO DA AUGA DENTRO DESTE EDIFICIO, QUE PERMITA QUE AFORREMOS ENTRE UN 20 E UN 30 POR CENTO DO TOTAL DE AUGA QUE SE CONSUMIRÍA AO ANO.

E, NESTE PLENO ESPECIAL, QUEREMOS POÑER O ACENTO NA SITUACIÓN NA QUE VIVEN MOITOS NENOS E NENAS DO MUNDO, QUE NON TEÑEN POSIBILIDADE DE ACCEDER A ESTE RECURSO ELEMENTAL PARA A VIDA.

ACTUALMENTE 2.600 MILLÓNS DE PERSOAS NON TEÑEN ACCESO A SANEAMENTO BÁSICO, A FALTA DESTES SERVIZOS ESTASE COBRANDO A VIDA DE MILES DE PERSOAS POR ENFERMIDADES ASOCIADAS COA FALTA DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO AXEITADO E HIXIENE.

NESTA SITUACIÓN ATÓPANSE 400 MILLÓNS DE NENOS E NENAS COMA VÓS.

HOXE O PARLAMENTO UNIRÁ AOS NENOS GALEGOS (REPRESENTADOS POLO COLEXIO CLUNY DE SANTIAGO) COS NENOS E NENAS DUNHA REXIÓN DAS MÁIS AFECTADAS POR ESTE GRAVE PROBLEMA, PERTENCENTES AO COLEXIO COBET DUN BARRIO ÁS AFORAS DA CIDADE DE LUSAKA, EN ZAMBIA.

OS RAPACES DE LUSAKA NON SON EN ABSOLUTO DIFERENTES DE CALQUERA DE VÓS, PERO TEÑEN QUE LOITAR TODOS OS DÍAS COS PROBLEMAS DA ESCASEZA DA AUGA POTABLE, O QUE LLES PROVOCA ENFERMIDADES COMO O CÓLERA OU TER QUE DEIXAR DE IR AO COLEXIO PARA CARRETAR AUGA PARA BEBER.

ESTES NENOS RECÓRDANNOS QUE UNS POCOS CIDADÁNS DO PLANETA SOMOS UNS PRIVILEXIADOS, E QUE DEBEMOS SER MÁIS RESPONSABLES CANDO USEMOS DIARIAMENTE A AUGA.

POR ISO, QUEREMOS IMPULSAR DESDE ESTA INSTITUCIÓN O ACORDO DO **FORO MUNDIAL DA AUGA DOS NENOS** EN 2003, NO QUE SOLICITABAN

1. CUMPRIR O DEREITO HUMANO AO SUBMINISTRO SUSTENTABLE DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO BÁSICO.
2. PROMOVER A PARTICIPACIÓN DOS NENOS EN PROGRAMAS DE SUBMINISTRO DE AUGA E SANEAMENTO, E
3. **CREAR UN PARLAMENTO INFANTIL** EN CADA PAÍS, QUE INCLÚA UN COMITÉ DOS TEMAS DA AUGA, MEDIOAMBIENTE, SANEAMENTO E HIXIENE.

SIN MÁIS, DAMOS COMENZO A ESTE PLENO ESCOLAR NO PARLAMENTO DE GALICIA PARA TRABALLAR POLA CULTURA DA RESPONSABILIDADE DE TODOS: DOS NENOS E DOS MAIORES.

A AUGA É VIDA.



Manifiesto do Día da Auga elaborado polos alumnos do Colexio San Xosé de Cluny de Santiago de Compostela

A auga é vida

Nós sabemos:

- Que a auga é un ben precioso fundamental para a vida, pero se non a conservamos vólvese un ben moi escaso.
- Sabemos que é un recurso renovable porque estudamos o seu ciclo, e que cando a contaminamos é moi difícil e costa moito depurala.
- Que a principal fonte de auga doce é a chuvia.
- Que a evaporación mantén a vida dos bosques, dos pastos, dos cultivos e de todos os animais que habitan neles.
- Que a auga doce potable redúcese pola contaminación dos lixos das persoas, das fábricas e dos restos agrícolas.
- Que a poboación do mundo crece moito cada día e precisa máis auga potable, polo que esta comeza a escasear afectando primeiro ós máis pobres.
- Que o cambio climático fai que o tempo ande tolo e provoque, inundacións, secas, avalanchas de lodo, tifóns, ciclóns, que acaban contaminando as reservas de auga potable.
- Que os ríos cada vez levan auga de menor calidade e xa non nos podemos bañar neles como o facían os nosos pais.
- E sobre todo que somos uns rapaces con moita sorte por ter nacido en Galicia, un bonito rincón do planeta Azul , onde hai moita auga.



Nós pedimos ós adultos tomadores de decisións:

- Que traballen para asegurar o acceso a auga e os servizos de saneamento en calquera rincón do mundo onde haxa nenos que necesiten auga.
- Que administren a auga dun xeito responsable.
- Que promovan unha industria máis limpa e respectuosa da calidade da auga.
- Que actúen contra os que ensucien a auga ou fagan un uso indebido dela.
- Que promovan o uso de enerxías renovables e do aforro dos recursos.
- Que protexan o medio ambiente para que o poidamos disfrutar por moito tempo.
- Que faciliten a educación para todos os nenos e nenas

Se todos traballamos no mesmo conseguiremos un futuro mellor. Os nenos e nenas estamos dispostos para empezar dende hoxe este traballo.

¿Están vostedes listos para traballar con nós?



Carta enviada polos alumnos do Colexio San Xosé de Cluny aos alumnos do Colexio Cobet de Musaka -Zambia-

Estimados August Bwalya, Isaac, Peter Mumba, Navyson Banda e Compañeiros do colexio COBET:

Os nenos e nenas do colexio Cluny estamos moi contentos por ter recibido a vosa carta porque con ela acabamos de aprender unha importante lección. Unha lección que lembraremos para toda a nosa vida.

Nós non éramos conscientes do importante que podía ser a auga potable para as persoas. Sempre estivemos acostumados a ver a auga potable como a cousa máis normal do mundo, porque nunca tivemos falta dela; sen parar a pensar que a auga podía ser un ben escaso e ás veces difícil de conseguir.

Coa vosa carta aprendemos a valorar o uso responsable da auga e doutros bens que a natureza nos da e imos a esforzarnos en traballar para concienciar a máis nenos e nenas, adultos e sobre todo as persoas que toman as decisións para que todos xuntos fagamos posible que a ningunha persoa do noso planeta lle falte nin unha soa gota de auga.

Agardamos que este Día Internacional da Auga sirva coma ponte de enlace para poder intercambiar cartas con vós, os nosos novos amigos, e aprender máis cousas sobre a vosa vida, os vosos costumes, como é o lugar onde vivides, que tipo de animais e plantas son os máis comúns no voso país e todo o que vos queirades contarnos.

Nós estamos moi ilusionados porque coñezades o sitio onde nós vivimos, que facemos e estudamos e tamén mandarvos debuxos de cómo é a nosa vida neste outro lado do planeta.

Moitos bicos e apertas

Twa to te la

(grazas en Bemba)

Os alumn@ do colexio San José de Cluny

Santiago de Compostela, Galicia, 22 de marzo de 2007



Chawama COBET Community School

P.O Box 139, Chawama 10200

LUSAKA, ZAMBIA

E-mail chacobet@yahoo.co.uk

[A community school for the Basic Education and Skills Training of the Orphans Vulnerable children and the girl child](#)

22 de marzo do 2007, Lusaka Zambia.

Para a honorable Presidenta do Parlamento de Galicia

Honorable Presidenta:

Para a honorable Presidenta, a augusta casa de Galicia e para tódolos galegos e galegas. Nosoutros, alumnos e profesores de Chawama COBET, comunidade Educativa en Lusaka, de Zambia, no sur de África, nos sentimos moi honrados por ter sido invitados polos nosos amigos de Galicia para contribuír no Día Internacional da Auga.

Gostaríanos aproveitar esta oportunidade para presentar COBET (Escola de Capacitación e Educación Básica para Orfos). O obxectivo do colexio COBET é facilitar educación aos nenos pobres de Chawama ofrecéndolles formación académica e de oficios. A nosa escola está situada nunha área de grande densidade de 150.000 habitantes, a 16 quilómetros ao sur de Lusaka. Esta rexión empezou a desenvolverse a principios dos anos 60, nun entorno sen subministro oficial de auga. A auga non era suficiente e tiña que ser traída en vehículos. En 1972 empezáronse a facer pozos para atopar auga.

O seguinte discurso forma parte dun proxecto escolar con nenos e nenas de Santiago de Compostela gracias ao Parlamento de Galicia, e que será lido por eles, en representación nosa, no Parlamento de Galicia.

OS NENOS AFRICANOS FRONTE A CRISE DA AUGA

“ **A Auga é Vida**”, dí August Bwalya, un dos nenos da Escola Comunitaria de COBET. “Sen a auga non é empregada correctamente pode provocar enfermidades, diarrea, disentería ou cólera. Se contamina por xérmenes se non se conserva con coidado”, explica Isaac, un antigo alumno de 16 anos.

Os nenos en COBET son capaces de identificar distintos tipos de procedencias da auga:

- A dos pozos nas que se usa unha bomba manual para sacar auga.



Chawama COBET Community School

P.O Box 139, Chawama 10200

LUSAKA, ZAMBIA

E-mail chacobet@yahoo.co.uk

A community school for the Basic Education and Skills Training of the Orphans Vulnerable children and the girl child

- A dos pozos que teñen tubarias e un enorme depósito e de alí ás billas.
- Os ríos de Zambia de onde a xente extrae a auga para beber, lavar, cociñar, cultivar e manter aos animais.
- A auga da choiva é moi boa en África; recollese en depósitos abertos de grande tamaño e se utiliza para beber, cociñar e lavar.
- A das pequenas lagoas artificiais da nosa comunidade. A xente emprega caldeiros para coller auga pero ésta non é moi segura, por iso hai que ferverla o engadirlle cloro para facela potable. Sen embargo, contámínase con grande facilidade porque lle cae moita sucidade e algunha xente non ten coidado e verte calquera cousa cerca dela.

A POBOACIÓN E A DISTRIBUCIÓN DA AUGA.

Repartir a auga a toda a poboación resulta moi difícil porque cada vez hai un maior número de persoas e as fontes e manantiais comunitarios son moi escasas. Por iso, a xente ten que recorrer longa distancias para coller auga.

No distrito de Chawama vivimos máis de 150.000 persoas; só hai dous plantas de auga controladas pola Compañía de Auga de Lusaka. Ímosvos a contar algunhas das dificultades que nos temos para poder usar a auga:

- A maior parte das veces os nenos non se dan un bo baño e non lavan ben a roupa por que a auga é insuficiente.
- Moitos nenos chegan tarde á escola ou non van porque están ocupados tendo que ir a buscar auga lonxe das súas casas.
- Algúns dos nenos máis pobres deixaron de vir ao colexio, e dedícanse a traballar collendo e transportando auga ás casas.
- Moitos nenos non poden facer os seus deberes xa que primeiro teñen que ir a buscar auga para a súa familia lonxe da casa.



Chawama COBET Community School

P.O Box 139, Chawama 10200

LUSAKA, ZAMBIA

E-mail chacobet@yahoo.co.uk

A community school for the Basic Education and Skills Training of the Orphans Vulnerable children and the girl child

AUGA E MEDIO AMBIENTE

Se non se coidan as reservas de auga, fórmanse charcas que pronto se contaminan e atraen a moitos mosquitos que axudan a transmitir enfermidades. E ademais:

- Os malos cheiros que provoca a auga sucia e contaminada fan que sexa desagradable o entorno onde vivimos.
- A charca con auga contaminada pode provocar mortes.
- As veces sucede que en casa algúns nenos pequenos se queimen, facéndose incluso moitísimo dano, coa auga quente cando se ferve.
- O goberno local e central non constrúe uns bos sumidoiros para as augas residuais.
- Hai desastres naturais coma inundacións debido ás fortes choivas. Estas inundacións arrastran casas, cultivos e alimentos, e morren moitos animais e incluso persoas.

No voso honor, fíxose este discurso como un agradable regalo que agardamos lles sirva para compartir con nós a ocasión de celebrar o Día Internacional da Auga.

Atentamente,

Peter Mumba
Director de COBET
COBET

Navyson Banda
Profesora de



Chawama COBET Community School

P.O Box 139, Chawama 10200

LUSAKA, ZAMBIA

E-mail chacobet@yahoo.co.uk

A community school for the Basic Education and Skills Training of the Orphans Vulnerable children and the girl child

E todos os nenos do Colexio COBET .